

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------------------|----------|---------------|
| 15005701 | CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma | A Coruña | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua galega e literatura | 2º Pri. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 19 |

1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no "Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar os preceptos recollidos no mesmo á realidade deste centro, Ceip San Pedro de Visma, durante o ano académico 2023/2024.

A escola é un centro público de Educación Infantil e Primaria de liña dous, contando cun total de 18 unidades, pertencendo 6 delas ao segundo ciclo de Educación infantil e 12 unidades a Educación Primaria.

O centro sitúase dentro da zona de San Pedro de Visma, no concello da Coruña, sendo así unha escola onde se mistura o rural, pois está situada moi próxima a campos con hortas e incluso animais domésticos, co urbano ao atoparse ao lado duns dos barrios con máis densidade de poboación de toda Galicia, dando lugar á presenza de alumnado de familias galegas procedentes doutras áreas da provincia e de etnia xitana, como de estudantes de diferentes nacionalidades. O seu nivel económico e cultural vai desde o medio ata casos en risco de exclusión social. A situación do centro e as súas instalacións permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa.

O grupo clase:

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no 2º curso da etapa, polo que conta con sete anos de idade aproximadamente. Atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A Área de Lingua Galega

Seguirase poñendo o foco na aprendizaxe e reforzo da lecto-escritura para acadar unha fluidez e comprensión lectoras que lle permita ao alumnado comezar a desenvolverse de forma autónoma nun mundo onde o código escrito é básico, sen deixar de lado o ámbito da literatura e a comprensión e expresión orais, así como a reflexión sobre o funcionamento da lingua.

A ensinanza da lingua ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

Mantense o que consta no currículo.

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Escoitamos e Falamos | <p>A comprensión oral así coma a expresión é unha parte moi importante das nosas vidas. Nesta Unidade Didáctica, que se levará a cabo durante todo o curso intercalada coas outras, sentaránse as bases sobre as principais normas para unha correcta escoita, tanto cando son os compañeiros os protagonistas como cando se empregan recursos auditivos, facendo especial fincapé na importancia da atención e comprensión.</p> <p>En canto aos textos orais traballarase tanto a memorización e exposición ou dramatización de textos existentes, como a creación de composicións propias cunha planificación previa seguindo un pequeno guión.</p> | 30 | 40 | X | X | X |
| 2 | Gústanos ler. | <p>Traballarase durante os tres trimestres a lectura comprensiva silenciosa e tamén en voz alta de textos adaptados á súa idade, tanto existentes coma os creados por eles. Ademais de traballar coa selección das ideas principais e detalles secundarios, prestaráselle atención ao formato dos diferentes textos para que se vaian familiarizando con eles e recoñecéndooos, así como á ortografía e vocabulario</p> | 35 | 50 | X | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Gústanos ler. | empregado. Farase fincapé no uso da biblioteca para coñecer mellor os diferentes xéneros literarios que alí podemos atopar, así coma de libros informativos e fomentar o interese e gusto pola lectura. | 35 | 50 | X | X | X |
| 3 | Gústanos Escribir | Promoverase durante todo o curso o feito de que o alumnado se interese por coñecer diferentes tipos de textos mediante a súa busca, selección e copia dos mesmos, como mediante a elaboración de textos propios partindo de modelos dados e fixándose no formato e na ortografía. Tratarase de fomentar a importancia dunha planificación previa e unha revisión posterior da coherencia. | 35 | 50 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1 | Escoitamos e Falamos | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Aceptar e reflexionar sobre a crítica de ter mostrado algún prexuízo de tipo lingüístico. | TI | 100 |
| CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna. | Recoñecer, con axuda, prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais. | | |
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Ser capaz de seguir, con axuda, unha breve exposición en galego. | | |
| CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais. | Aceptar a crítica de ter usado a lingua de forma discriminatoria e autocorrexirse. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Aceptar a crítica de ter usado a lingua de forma discriminatoria e autocorrexirse. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais. | Comprender, con axuda, as preguntas e indicacións orais que se lle presentan durante as clases. | | |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula. | Empregar nas actividades orais, con axuda, o vocabulario presentado na clase. | | |
| CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante. | Comprender, con axuda, as ideas principais de diferentes tipos de textos escoitados. | | |
| CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses. | Ser capaz de reproducir, con axuda, algún texto oral sinxelo. | | |
| CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais. | Con axuda, ser capaz de presentar un texto oral, facendo antes unha planificación e esforzándose en que se lle entenda ben. | | |
| CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | Participar cando se lle pida, de forma coherente, en cada proposta de actividade oral. | | |
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Recoñecer e reflexionar sobre a crítica de ter usado a lingua de forma discriminatoria. | | |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. | Permitir que as actividades orais poidan ser levadas a cabo. | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información. | Participar na exposición oral dun proceso de investigación grupal. | | |
| CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Compartir, cando se lle pida, unha opinión axustada á realidade sobre a lectura dun libro. | | |
| CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais. | Participar con axuda e seguindo as normas na escoita de textos orais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.
- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.
- Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.
- A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

| Contidos |
|--|
| - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Gústanos ler. | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Mostrar respecto polas diferentes linguas. | TI | 100 |
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Ser capaz de recoñecer, con axuda, a lingua dos textos. | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante. | Comprender, con axuda, de que fala o texto. | | |
| CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave. | Interpretar, con axuda, as ilustracións, o título e algunhas palabras clave. | | |
| CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura. | Ler comprensivamente con axuda. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais. | Analizar, con axuda, a forma de distintos textos. | | |
| CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía. | Comprender, con axuda, o vocabulario das lecturas. | | |
| CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel. | Mostrar unha actitude positiva ante a lectura. | | |
| CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega. | Coller libros na biblioteca escolar e na de aula respectando aos compañeiros. | | |
| CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio. | Mostrar interese por unha selección crítica da información. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Recoñecer e reflexionar sobre a crítica de ter usado a lingua de forma discriminatoria. | | |
| CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Seleccionar a información máis básica (títulos, pés de páxina, entradas) na busca en distintas fontes. | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información. | Participar na exposición lida dun proceso de investigación grupal. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses. | Atopar na biblioteca, con axuda, recursos sobre diferentes temáticas. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais. | Evitar a impulsividade é hora de usar as tecnoloxías e seleccionar contidos. | | |
| CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes. | Mostrar unha actitude positiva ante a lectura de diferentes textos. | | |
| CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida. | Participar en lecturas compartidas cando se lle pide. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura. | Comprender, con axuda, de que fala o texto. | | |
| CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Compartir opinións sobre lecturas cando se lle pide. | | |
| CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal. | Mostrar unha actitude positiva ante a lectura de diferentes textos. | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. | Permitir que haxa un clima respectuoso no uso da biblioteca escolar e na de aula. | | |
| CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos. | Ser capaz de ler, con axuda, textos sinxelos de forma comprensible. | | |
| CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais. | Mostrar unha actitude positiva ante a lectura de diferentes textos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria. | Participar en dramatizacións de textos lidos de forma que sexan minimamente comprensibles. | | |
| CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | Comprender, con axuda, o vocabulario das lecturas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega. - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico). - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita |

Contidos

- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuados aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).

Contidos

- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 3 | Gústanos Escribir | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Mostrar respecto polas diferentes linguas. | | |
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Ser capaz de escribir, con axuda, textos en lingua galega. | | |
| CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía. | Usar maioritariamente unha ortografía básica nos seus textos: separación de palabras, maiúscula a inicio e punto final. | | |
| CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. | Ser capaz de escribir, con axuda, pequenos textos en lingua galega. | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información. | Colaborar na presentación escrita dun proceso de investigación grupal. | TI | 100 |
| CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal. | Mostrar actitude positiva cando se lle pide copiar un texto literario. | | |
| CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos. | Copiar cunha ortografía básica textos dados. | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Usar, con axuda, o funcionamento básico da lingua: concordancia, formación de palabras... | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Ser capaz de escribir, con axuda, textos en lingua galega. | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de comprensión de textos en contextos significativos. | Usar, con axuda, o funcionamento básico da lingua: concordancia, formación de palabras... | | |
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada. | Revisar e mellorar os textos con axuda. | | |
| CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | Empregar nos seus textos, con axuda, o vocabulario traballado. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega. - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico). - Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información. - Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. - Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. |

Contidos

- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As Unidades Didácticas da área da Lingua e Literatura, incluíndo o galego e o castelán, están planeadas para ser levadas a cabo durante todo o curso, intercalando nas diferentes sesións as habilidades orais e as escritas.

Tratarase de fomentar nesta área a lectura e a escritura a través do uso da biblioteca escolar e da de aula, así como mediante a produción de textos por parte do alumnado, de forma voluntaria na casa, e que poderán compartir cos seus compañeiros e coas súas compañeiras. Deste modo estase a acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais e intereses do alumnado, cunha metodoloxía activa, participativa e flexible, que favoreza a capacidade de aprender por sí mesmos e que permita diferentes ritmos de aprendizaxe, permitindo a adquisición da lectoescritura naquel alumnado que aínda non a acadou e a mellora naquel outro que a domina sen problema algún.

Teranse en conta as seguintes liñas metodolóxicas:

- A globalización: interrelacionando a área da Lingua e Literatura coas outras do currículo permitindo a súa significatividade.
- A aprendizaxe significativa: establecendo vínculos entre o que hai que aprender e os seus coñecementos previos.
- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas, así coma aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.
- O fomento da autoestima: procurando que se vaian formando unha imaxe axustada e positiva de sí mesmos que lles dea seguridade e non tendo medo a equivocarse, xa que dos erros tamén se aprende.
- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.
- Aprendizaxe cooperativa: creando situacións de aprendizaxe nas que teñan que traballar cos seus iguais, axudándolles a ter que comunicarse para a toma de decisións e a solucionar problemas ou conflitos que poidan surxir.
- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.
- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.
- Aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.
- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para éste unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Caderno pequeno pautado |
| Caderno grande cuadriculado |
| Caderno para a realización de textos libres |
| Libro de texto |
| Libros da Biblioteca escolar e de aula |
| Material Manipulativo |
| Material funxible variado |
| Pizarra branca |
| Pizarra dixital. |
| Aula Virtual |

Empregaremos o libro de 2º "Proxecto construíndo mundos" de Santillana, que contén lecturas para traballar a súa comprensión.

O alumnado contará na aula cun caderno pequeno de pauta dobre para facilitar a escritura de textos e actividades, así mesmo teñen un caderno grande cuadriculado para outro tipo de actividades máis gráficas, como pode ser a creación dun cómic, carteis... Ademais, de forma voluntaria poderán ter un caderno de calquera formato para traer textos desde a casa para compartir cos seus compañeiros.

Na aula contamos con libros da biblioteca, xogos relacionados coa lingua e material funxible variado para a realización de actividades diversas.

O uso da pizarra interactiva farase accedendo aos recursos dixitais da editorial, documentos creados por nós, actividades da Aula Virtual ou calquera recurso de internet que se corresponda cos contidos traballados.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado despois da volta das vacacións de verán e así poder establecer estratexias de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), atención e comprensión oral e o nivel acadado de lectoescritura.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 30 | 35 | 35 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

En Lingua Galega a avaliación levarase a cabo a través dun seguimento continuo da aprendizaxe do alumnado mediante a observación e corrección dos exercicios individuais realizados na clase, tanto escritos como orais, así coma o seu rendemento e implicación en actividades de grupo. Para poder percibir mellor as dificultades e progresos de cada persoa empregaremos un cadro de valoración onde aparecerán todos os criterios de avaliación distribuídos en catro apartados: "Xeralidades", "Comprensión e Expresión Oral", "Lectura" e "Expresión Escrita", xuntando algúns deles, por ser moi similares, para facilitar a visión do progreso ou carencias reais de cada persoa. O peso que se lle dá ás diferentes Unidades Didácticas terase en conta de forma flexible adaptándoo aos 4 apartados do cadro de valoración.

A avaliación será continua, reflexando na última o progreso de todo o curso. No caso de obter un número decimal o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3 = 6), agás na terceira avaliación onde se fará a aproximación ao número seguinte no caso de superar o decimal 6.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área terase en conta a avaliación do traballado anteriormente para adaptar as actividades a ese nivel e que poda seguir avanzando ao seu ritmo, pero sempre integrándoo/a na dinámica da clase para chegar polo menos a un mínimo a finais de curso. Hai que ter en conta que na aprendizaxe das linguas é moi importante o nivel de madurez e desenvolvemento da persoa, podendo atoparnos así con alumnado que precisa un pouco máis de tempo para alcanzar os obxectivos. Aproveitarase tamén a axuda puntual de dous apoios para poder dar unha atención un pouco máis individualizada a aquelas persoas que presenten problemas na lecto-escritura.

6. Medidas de atención á diversidade

Nos dous grupos de 2º de Ed. Primaria atopamos alumnado con Necesidades específicas, que terán a axuda puntual dunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, tratando de integralos nas tarefas da aula na medida do posible. Asímesmo contarán cun par de medias sesións por parte da especialista en Audición e Linguaxe. Ademais, hai que ter en conta que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, polo que a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible. De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - A Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a paz | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a saúde | X | X | X |
| ET.4 - Educación emocional . | X | X | X |
| ET.5 - Educación en valores | X | X | X |
| ET.6 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.7 - Fomento da creatividade | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| PDI: Arte | Participación con proxectos no PDI da escola | X | X | X |
| Saídas culturais | Saídas culturais organizadas polo concello | X | X | X |
| Actividades da Biblioteca Escolar | Colaboración nas actividades propostas pola Biblioteca | X | X | X |
| Días conmemorativos | Participación na celebración de datas conmemorativas. | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| Utilízase unha metodoloxía activa por parte do alumnado, con aprendizaxes significativas, interdisciplinar e de interese para o alumnado. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Conséguese unha boa distribución da aula e dos recursos para as actividades. |
| Clima de traballo na aula |
| Resólvense as dificultades que impiden un bo clima de traballo. |

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

É efectiva a coordinación e colaboración con outras persoas da comunidade educativa.

Descrición:

A práctica docente avaliarase continuamente, para detectar os aspectos que se deben mellorar, modificar ou eliminar e buscar estratexias para resolver as dificultades que aparezan.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A práctica docente estarase avaliando continuamente segundo se vaian vendo os resultados das diferentes actividades propostas na aprendizaxe do alumnado, na adecuación aos seus intereses. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responde as características do alumnado da aula.
2. A temporalización das actividades é axeitada.
3. Conséguese niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
4. Realízanse mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
5. Hai unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
9. Responde aos centros de interese do alumnado do grupo.
10. Establecer relacións co mundo real.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.

9. Outros apartados